

## **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF)**

### **1.- PUNTUALIDADE:**

- a) A puntualidade terá efecto tanto á hora de chegada como de saída.
- b) 4 Faltas de puntualidade no mes non motivadas, serán corrixidas coa notificación por escrito por parte do Titor/a á nai/pai ou titores legais, así como a realización de traballos en beneficio do alumno/a en horario non lectivo.
- c) Terá consideración de falta leve e será recollida así no informe do OC.(Observatorio de Convivencia)
- d) Cando as faltas sexan responsabilidade dos pai/nai ou titores legais, serán notificados por escrito, e a reincidencia de máis de 12 faltas nun trimestre ou 5 continuadas nun mes sen motivar, suporá a notificación ás autoridades competentes.
- e) A falta de puntualidade tamén computará para as actividades extraescolares e servizos complementarios así como para as saídas pedagóxicas.

### **2.- VESTIMENTA:**

Abranguerá o centro escolar e na realización de actividades extraescolares, complementarias e saídas pedagóxicas.

- a) A vestimenta non poderá atentar contra a dignidade e o respecto de calquera membro da comunidade educativa.
- b) Así mesmo as vestimentas con referencias: racistas, sexistas, xenófobas ou que inciten ou publiciten substancias ou produtos prohibidos a menores. Consideraranse forá do ámbito da vestimenta aceptada nun centro escolar, e polo tanto non se aceptará o seu uso.
- c) Por motivos de seguridade, non se poderá portar ou ter insertado no propio corpo, calquera complemento ou obxecto que se considere perigoso para os membros da comunidade educativa.
- d) As tatuaxes ou peiteados que expresen referencias: racistas, sexistas, xenófobas ou inciten ou publiciten substancias ou produtos prohibidos a menores, deberán ser agochados ou modificados mediante calquera medio.
- e) A faciana e a cabeza terán que permanecer descubertas, salvo por motivo de enfermidade ou prescrición médica, así tamén cando se considere necesario ó ar libre por mor da temperatura e a radiación solar, sempre e cando se manteña a faciana descuberta.
- f) A vestimenta que non se adapte ás normas da escola, deberá ser substituída no mesmo día.
- g) O incumprimento da normativa da vestimenta será considerada falta leve, a reiteración será considerada falta grave.
- h) O uso de chandal e mandilón para o alumnado (modelos da escola), será de obrigatoriedade en tódola etapa de EI. En EP e ESO poderase empregar indumentaria adecuada para o desempeño de actividade física e deportiva respectando sempre o principio de seguridade.
- i) O Centro escolar reservase o dereito de valorar con fins educativos a adecuación da vestimenta dos alumnos/as, sempre respectando o principio de reversibilidade.

### **3.- ORGANIZACIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR NA ESCOLA:**

- a) O material escolar, os libros de texto, a roupa e calquera obxecto propiedade dos alumnos/as, non poderá ser almacenado no centro nin nos pupitres unha vez que finalice o horario escolar.

### **4.- ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS E SAÍDAS DA ESCOLA:**

- a) **Entradas:** Por motivos de seguridade e organización non se poderá permancer na rúa nin nas beirarrúas. Unha vez que o centro abre as súas instalacións, todo alumnado deberá permanecer no interior das mesmas.
- b) **Saídas:** Será obriga dos pais/nais ou titores legais comunicar ó centro calquera retraso imprevisto que afecte o normal discurso da tarefa docente.
- c) A reiteración do incumprimento destas normas, considerarase falta grave.
- d) Artigo 7- d, de la Ley 42/2010, de 30 de diciembre, por la que se modifica la Ley 28/2005, de 26 de diciembre, de medidas sanitarias frente al tabaquismo y reguladora de la venta, el suministro, el consumo y la publicidad de los productos del tabaco.  
Prohibición de fumar:
  - d) Centros docentes y formativos, salvo en los espacios al aire libre de los centros universitarios y de los exclusivamente dedicados a la formación de adultos, siempre que no sean accesos inmediatos a los edificios o aceras circundantes.

**5.- O FALSEAMENTO DE CALQUERA AUTORIZACIÓN, DOCUMENTACIÓN OU INFORMACIÓN PRESENTADA NO CENTRO, SERÁ CONSIDERADO FALTA GRAVE.**

**6.- A copia nos exames ou probas de nivel, así como o plaxio de calquera tipo de traballo, será considerado Falta Grave.**

#### **7.- REGULACIÓN DO USO DE TLF. INTERNET E TÓDOLAS SÚAS FERRAMENTAS:**

1. No estará permitido o uso de internet en calquera soporte dentro das instalacións da escola, sen autorización expresa por parte do centro educativo.
2. A escola non se responsabiliza do uso de internet para calquera fin, fora da actividade docente.
3. Os aparellos electrónicos (móviles, cámaras, tablets, portátiles, consolas ou calquera outro tipo de dispositivos que graven imaxes, sons, ou similares), non poderán estar encendidos nin activados durante o horario lectivo nin nas actividades complementarias e Extraescolares. Excepto autorización expresa por parte do centro educativo. De ser así serán retirados e só se entregarán ó pai/nai ou titor legal. Terá consideración de Falta Leve. A reiteración desta conducta conlevará a prohibición de traer calquera destes aparellos por parte do alumno/a implicado, durante o curso escolar e terá consideración de falta grave.
4. Así mesmo os pais/nais ou titores legais dos alumnos matriculados na Escola asumirán toda responsabilidade que se poidera derivar polo uso do móbil, dispositivo móbil, cámara de fotos ou calquera outro medio tecnolóxico que permita capturar imaxes ou sons por parte dos seus fillos/as, durante o horario escolar ou en calquera actividade complementaria ou extraescolar organizada pola Escola.

#### **8.- ABSENTISMO:**



## ABSENTISMO

**Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual (Ep 10h ó mes; ESO 12h ó mes)**

Considérase falta de asistencia a clase ou ausencia ao centro escolar a non presenza dun alumno ou dunha alumna nunha sesión completa de clase. As faltas de asistencia non debidamente xustificadas serán as que computen para a cualificación do posible absentismo.

### Falta xustificable:

1. Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:

- Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.
- Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescripción médica.

2. No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepcionais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non. En todo caso, deberá garantirse o dereito á escolarización da alumna ou do alumno.

- Os profesores de cada área rexistrarán **DIARIAMENTE** as faltas e retrasos no parte mensual.
- Cada Titor**, deberá rexistrar **cada mes** as faltas en **XADE**.

### Xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado:



A xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado realizarase ante o profesorado titor e por parte da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, acompañando, segundo proceda:

- Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- Documento acreditativo, no caso de deberes inescusables, presentación a exames ou morte de familiares de primeiro ou segundo graos.
- Calquera outro documento acreditativo da circunstancia que xustifique a ausencia.

### Seguimento das faltas de asistencia a clase do alumnado e a súa comunicación:

1. O profesorado titor deberá comunicar ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado todas as faltas de asistencia a clase de cada mes, dentro dos primeiros cinco días naturais do mes seguinte e diferenciando as faltas xustificadas das non xustificadas.

2. Cando as faltas de asistencia a clase do alumnado presenten dificultades para a súa xustificación ou cando se incremente de forma significativa o número de faltas sen xustificar, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha reunión (**ANEXO I**), coa finalidade de analizar a situación que se está a producir e tratar de corríxila, evitando que se produza a apertura do expediente de absentismo. Cando se trate de alumnado de educación secundaria obrigatoria ou de ciclos de formación profesional básica, a propia alumna ou o propio alumno poderá asistir á referida reunión. Desa reunión levantará acta o profesorado titor (**ANEXO II**).



## 9.- PROCEDEMENTO DE ATENCIÓN ÓS ALUMNOS ACCIDENTADOS:

En caso de accidente dun alumno/a, porase de inmediato en coñecemento da familia. Diante dun caso de gravidade e no suposto de que un familiar non puidera facerse cargo do alumno accidentado ou indisposto ou a urxencia o requira, farase comunicación ó servizo de emerxencias para que determinen a actuación a realizar. Poderá ser acompañado por un mestre do centro se a situación o require.

Os alumnos/as que dispoñan de seguro privado contratado ou o obrigatorio, acudirán ós centros sanitarios que teñan concertados nos seus seguros. Os demais acudirán a centros da Seguridade Social.

## 10.- USO DAS INSTALACIÓNS:

- Todo o alumnado permanecerá nas súas aulas de referencia, a presenza nos corredores ou calquera outra instalación, estará supeditada á autorización dos mestres.

## 11.- ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO NAS AULAS:

- Para poder optar a ser representante de aula (Delegados, Coordinadores, Secretarios). O alumno/a non poderá ter no curso anterior faltas rexistradas de conducta ou convivencia. Poderá optar ó seguinte curso de cumprir con este requisito.

## 12.- AULA DE CONVIVENCIA:

Permanecerá un profesor sempre de garda nela, o alumnado que asista á aula terá asociado un traballo académico posto polo profesor de área correspondente que o enviou.

A acumulación de 3 asistencias á aula de convivencia nun trimestre suporá, a consideración de falta leve polo alumno/a que levará aparellado unha corrección en función do **DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.**